

# DESEÑO

## ***Directrices Xerais para o CURSO ACADÉMICO 2020-2021.***

---

A análise realizada do deseño curricular da materia e a súa situación dentro da modalidade de Artes do bacharelato LOMCE fainos chegar a conclusións moi similares ás que chegaron o Grupo de Traballo LOXSE da materia “Fundamentos do Deseño” e o Grupo de Traballo LOE de esta materia, da que é herdeira. Destas conclusións xorden as seguintes reflexións e directrices xerais:

1º O labor docente debe incidir nos dous primeiros bloques dos contidos, base fundamental do primeiro apartado das preguntas da proba xunto cos primeiros epígrafes dos tres bloques seguintes.

Os contidos dos tres bloques finais, “Teoría e Metodoloxía do Deseño”, “Deseño Gráfico” e “Deseño do Produto e do Espazo”, serán a base da segunda parte das preguntas da proba, coa finalidade de que o alumno faga unha proposta elemental de deseño.

2º Trátase dun deseño curricular ambicioso que debería requirir unha coordinación importante con materias como Debuxo Técnico, no relativo ó coñecemento adecuado dos sistemas de representación (diédrico, axonométrico e perspectiva lineal), Debuxo artístico e Técnicas de Expresión Gráfico-plástica no que fai referencia ó coñecemento de técnicas gráficas de representación.

Neste sentido constatábase a necesidade de manter unha total coordinación coas materias encargadas de imparti-los coñecementos antes citados, evitando duplicidades que reducirían (no seu caso) horas de docencia aos contidos base.

A situación actual, que permite que o alumno curse Deseño sen cursar estas materias, obriga a incidir na formación de contidos e coñecementos dos sistemas de representación e das técnicas gráficas.

## ***Estrutura e organización da proba***

---

Os criterios de elaboración dos modelos de proba manterá este curso os fixados nos pasados anos académicos de ABAU. O exame consta de tres preguntas, deberse contestar unha das tres, que estarán compostas por dous apartados, comentario crítico e proposta. Poderán ser: dúas relativas a deseño gráfico e unha a deseño de obxectos-espazos ou dúas relativas a deseño de obxectos-espazos e unha a deseño gráfico.

No primeiro apartado de cada pregunta pedirase, sobre un/s deseño/s (gráfico/s, obxecto/os, de espazo/s), que o alumno realice unha análise e/ou comentario crítico daquel. Esta análise-comentario crítico estará

baseada fundamentalmente nos bloques un e dous dos contidos, aínda que tamén deben recoller reflexións extraídas dos bloques tres, catro e cinco.

O segundo apartado de cada opción consistirá en realizar unha proposta elemental de deseño alternativo ó/s presentado/s no primeiro apartado. O desenvolvemento desta proposta estará baseada fundamentalmente nos bloques tres, catro e cinco dos contidos. Na solución ou proposta final será necesario considera-las reflexións extraídas, ás hipóteses formuladas e ós comentarios e análises críticas do primeiro apartado. A proposta sera exposta como resultado dos estudos previos (análises/gráficos) realizados mediante esquemas e esbozos a man alzada.

O alumno poderá utiliza-los sistemas de representación e as técnicas gráficas que considere máis adecuados, e a cor.